



## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON TERRAZAS, VELADORES E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

### **Artigo 1º.-** Fundamento e réxime

No uso das facultades concedidas polo artigo 57 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de A Rúa establece a taxa polas utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais constituídos pola ocupación da vía pública con terrazas, veladores e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, que se rexerá polas normas contidas para o efecto na dita lei, e pola presente ordenanza fiscal.

Todo o relativo a solicitudes, autorizacións, normas de xestión e demais aspectos sustantivos materiais que non aparecen regulados nesta Ordenanza fiscal rexiranse pola Ordenanza reguladora desta taxa.

### **Artigo 2º.-** Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación de terreos de uso público terrazas, veladores e outros elementos con finalidade lucrativa

### **Artigo 3º.-** Obrigados/as ao pagamento

Están obrigados/as ao pagamento as persoas físicas, xurídicas ou outro tipo de entidades sen personalidade, cando se outorguen as licencias ao seu favor, ou quen se beneficie do aproveitamento se procedeu sen a oportuna autorización.

### **Artigo 4º.-** Categoría das rúas

Para os efectos previstos para aplicación da tarifa desta taxa, as vías publicas deste concello clasifícanse en tres categorías, conforme ao anexo que se une.

### **Artigo 4º.-** Cota tributaria

As cantías das taxas reguladas nesta ordenanza será fixada nas seguintes tarifas:

#### **A) TERRAZAS**

**TARIFA ORDINARIA** : Por cada mesa e mes

CATEGORÍA DA RÚA		
1ª	2ª	3ª
8,75 €	7 €	2,5 €

Esta tarifa será irredutible por períodos inferiores a un mes.

Cando a solicitude sexa de catro meses ou máis pasará a pagarse a tarifa anual.



### TARIFA ANUAL

CATEGORÍA DA RÚA		
1ª	2ª	3ª
35 €	28 €	10 €

**TARIFA EXTRAORDINARIA** : Por cada mesa que se solicite para a súa instalación exclusiva en semana de festas, en Semana Santa e nos meses de xullo e agosto, terá unha recarga de:

CATEGORÍA DA RÚA		
1ª	2ª	3ª
25€	20€	5€

Por cada metro lineal de barra que se solicite para a súa instalación exclusiva en semana de festas, terá unha recarga de:

CATEGORÍA DA RÚA		
1ª	2ª	3ª
25€	20€	5€

Esta tarifa será irredutible e liquidarase sempre pola semana completa.

### **B) OCUPACION ESPAZO PUBLICO POR SECTORES DISTINTOS AO HOSTELEIRO**

CATEGORÍA DA RÚA		
1ª	2ª	3ª
10 €/m <sup>2</sup>	8 €/m <sup>2</sup>	5 €/m <sup>2</sup>



### **Artigo 5º.- Obriga de pagamento**

1. Para as licenzas outorgadas, se renovará e serán recollidas no padrón de taxas municipais do segundo semestre do ano en curso.
2. Para as de nova autorización, o abono correspondente farase dentro dos quince días seguintes á concesión da licenza mediante a liquidación do servizo de recadación.
3. Para as licenzas outorgadas de xeito extraordinario durante as festas a taxa deberá abonarse antes da celebración das mesmas mediante a liquidación do servizo de recadación.
4. No caso de falta de pagamento, a autorización quedará revocada.
5. No caso de baixa, non se reingresará a cantidade satisfeita.

### **DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación integra no BOP permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

### **ANEXO DE CATEGORÍAS DE RÚAS:**

CATEGORÍA 1.- C/ Doctor Vila, C/Progreso-Campogrande (dende C/Real ata Avda. de Vilela, Praza J.Antonio Freire, C/ Telesforo Ojea, C/Padre Feijoo, C/ Silveira, C/ Circunvalación (dende Estación Ferrocarril ata cruce Campogrande, C/ Cervantes, C/Benito Fernández, C/ Doctor Fleming, C/Velázquez.

CATEGORÍA 2.- C/ Coruña, C/ Lugo, C/ Ourense, C/ Rosalía de Castro, C/ Curros Enríquez, C/Dous de Maio, C/Brasil, C/ Argentina, C/ Venezuela, C/Campogrande (dende Avda Vilela ata Camiño Novo, C/San Antón, Praza Enriqueta Casanova.

CATEGORÍA 3.- Resto de rúas e prazas do concello.